… que se elabora como consecuencia dos resultados da liquidación do ano 2018, polo tanto de incumprimento da regra de gasto nese exercicio. En base aos datos da liquidación, a Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia solicita o pasado 25 de abril a elaboración do Plan Económico Financeiro conforme ao establecido na Lei Orgánica 2/2012 e polo tanto o que se

*… que se elabora como consecuencia de los resultados de la liquidación del año 2018, por lo tanto de incumplimiento de la regla de gasto en ese ejercicio. En base a los datos de la liquidación, la Dirección General de Política Financiera de la Xunta de Galicia solicita el pasado 25 de abril la elaboración del Plan Económico Financiero conforme a lo establecido en la Ley Orgánica 2/2012 y por lo tanto lo*

dan son os pasos necesarios para a confección do Plan Económico Financeiro. En data 30 de abril a anterior Alcaldía fai a solicitude aos Servizos técnicos municipais para que dentro dos prazos regrados se dea trámite a súa elaboración. Neste caso o que fai o Goberno actual é recoller o documento que se elaboraba, que estaba elaborado, e introducir algúns cambios. O documento o que indica é que a obriga de elaborar este plan se deriva —como lles dicía antes— de incumprir a regra de gasto. O incumprimento ten causa na utilización de remanentes líquidos de tesourería do ano 2017 para financiar obrigas no ano 2018. Teño que dicirlles que se trata dun plan que non precisa de medidas a adoptar. É dicir, non estamos a falar de medidas extraordinarias, non estamos a falar dunha cuestión de saneamento da facenda municipal, simplemente se trata de viabilizar o gasto e adaptalo ao cumprimento da regra e polo tanto na súa execución contemplar as variables que están recollidas na Lei de Estabilidade orzamentaria.

En calquera caso, respecto do documento que estaba xa… co que se atopou este Goberno, o que fixemos foi introducir algúns pequenos cambios que o que fan é elevar o teito de gasto en preto de 2.000.000 € concretamente…

**Ás once horas e dous minutos entra no salón de sesións a señora Veira González.**

… nun 1.731.155. Estamos a falar dunha cantidade que para o ano 2020 sería de 226.317.561 e o que se busca, nin máis nin menos, á espera de que haxa Goberno en España e a espera de que poida haber avances nas negociacións entre a

*que se dan son los pasos necesarios para la confección del Plan Económico Financiero. En fecha 30 de abril la anterior Alcaldía hace la solicitud a los Servicios técnicos municipales para que dentro de los plazos reglados se de trámite a su elaboración. En este caso lo que hace el Gobierno actual es recoger el documento que se elaboraba, que estaba elaborado, e introducir algunos cambios. El documento lo que indica es que el deber de elaborar este plan se deriva —como les decía antes— de incumplir la regla de gasto. El incumplimiento tiene causa en la utilización de remanentes líquidos de tesorería del año 2017 para financiar obligaciones en el año 2018. Tengo que decirles que se trata de un plan que no precisa de medidas a adoptar. Es decir, no estamos hablando de medidas extraordinarias, no estamos hablando de una cuestión de saneamiento de la hacienda municipal, simplemente se trata de viabilizar el gasto y adaptarlo al cumplimiento de la regla y por lo tanto en su ejecución contemplar las variables que están recogidas en la Ley de Estabilidad presupuestaria.*

*En cualquier caso, respecto del documento que estaba ya… con el que se encontró este Gobierno, lo que hicimos fue introducir algunos pequeños cambios que lo que hacen es elevar el techo de gasto en cerca de 2.000.000 €, concretamente…*

***A las once horas y dos minutos entra en el salón de sesiones a señora Veira González.***

*… en un 1.731.155. Estamos hablando de una cantidad que para el año 2020 sería de 226.317.561 y lo que se busca, ni más ni menos, a la espera de que haya Gobierno en España y a la espera de que pueda haber avances en las negociaciones*

Federación Española de Municipios e Provincias e o Ministerio de Facenda, pois se espera que haxa cambios importantes, cambios substanciais, cambios que veñen demandando o conxunto de corporacións locais xa desde fai anos tanto para mellorar a propia Lei de Facendas Locais como para poñerlle fin á mordaza que lle colocou o señor Montoro ás finanzas dos concellos e deputacións, en definitiva das corporacións locais, e que situó aos concellos como presuntos culpables de casi todo sendo na súa meirande parte administracións responsables. Quero recordar que se non fose polo caso dos concellos de Madrid e de Valencia, de infausta… recordo pola súa neglixente xestión en mans do Partido Popular no seu momento, os concellos non se terían posto no foco, nese foco, e o que fixo foi pervertir completamente la situación das finanzas municipais. Creo que hai que facer da necesidade virtude, isto foi unha oportunidade durante todos estes anos tamén para o saneamento das facendas locais pero as consecuencias teñen sido nalgúns casos moi severas, teñen sido duras e teñen sido graves en moitos casos, polo tanto agardemos que haxa cambios normativos que permita unha maior xestión do Orzamento municipal.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Lage.

Señora Martínez.

**Señora Martínez Lema**

Pois entendemos que este Plan Económico Financeiro sexa unha medida obrigada despois de que o Concello superase o teito de gasto non 2018. Entendemos

*entre la Federación Española de Municipios y Provincias y el Ministerio de Hacienda, pues se espera que haya cambios importantes, cambios sustanciales, cambios que vienen demandando el conjunto de corporaciones locales ya desde hace años tanto para mejorar la propia Ley de Haciendas Locales como para ponerle fin a la mordaza que le colocó el señor Montoro a las finanzas de los ayuntamientos y diputaciones, en definitiva de las corporaciones locales, y que situó a los ayuntamientos como presuntos culpables de casi todo siendo en su mayor parte administraciones responsables. Quiero recordar que si no fuera por el caso de los ayuntamientos de Madrid y de Valencia, de infausta… recuerdo por su negligente gestión en manos del Partido Popular en su momento, los ayuntamientos no se hubieran puesto en el foco, en ese foco, y lo que hizo fue pervertir completamente situación de las finanzas municipales. Creo que hay que hacer de la necesidad virtud, esto fue una oportunidad durante todos estos años también para el saneamiento de las haciendas locales pero las consecuencias fueron en algunos casos muy severas, fueron duras y fueron graves en muchos casos, por lo tanto esperemos que haya cambios normativos que permita una mayor gestión del Presupuesto municipal.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Lage.*

*Señora Martínez.*

***Señora Martínez Lema***

*Pues entendemos que este Plan Económico Financiero sea una medida obligada después de que el Ayuntamiento superara el techo de gasto en el 2018. Entendemos*

tamén que é viable a proposta feita pero cremos que o Goberno debe traballar para que non se chegue más a esta situación. Así pois neste asunto destacamos a esixencia de ter un control máis exhaustivo das contas, neste caso concreto sobre entes tamén como o IMCE, o Consorcio da Promoción da Música, o Consorcio de Turismo e Congresos, a Fundación Emalcsa, a fundación Luis Seoane e o Fondo Galego de Solidariedade. No só durante a vixencia deste Plan presentado senón sempre, continuamente. E tamén pedimos máis axilidade. A liquidación de 2018 tiña que estar presentada o 1 de marzo deste ano e chega retraso, como nos últimos anos, pero tamén é certo que o actual Goberno tiña que ter actuado con máis premura. Agradecemos pois que se vaia levar ao primeiro Pleno ordinario.

Non pode ser que teñamos acceso tan tarde á Liquidación, non debemos esquecer nunca o importante —e perdón que me repita tanto— que é a transparencia de cara aos cidadáns e de cara a Corporación cun goberno en minoría. Creo que este Goberno debe marcar a diferencia co anterior, ten tempo para mellorar os rexistros nos pagos e utilizar todo ou parte do superávit do ano pasado en inversións sostibles, sempre cumprindo, por suposto, co restos dos requisitos. E sempre tendo en conta que as obras que se vaian a levar a cabo sexan para solucionar problemas de calidade de vida e non se trate de gastar por gastar para saír en prensa e si se trate de facelo de maneira eficiente ao menor custe posible, e como os recursos son escasos priorizando a aquel gasto que afecte a máis persoas e/ou máis sectores e económicos en conxunto.

*también que es viable la propuesta hecha pero creemos que el Gobierno debe trabajar para que no se llegue más a esta situación. Así pues en este asunto destacamos la exigencia de tener un control más exhaustivo de las cuentas, en este caso concreto sobre entes también como el IMCE, el Consorcio de la Promoción de la Música, el Consorcio de Turismo y Congresos, la Fundación Emalcsa, la fundación Luis Seoane y el Fondo Gallego de Solidaridad. No solo durante la vigencia de este Plan presentado sino siempre, continuamente. Y también pedimos más agilidad. La liquidación de 2018 tenía que estar presentada el 1 de marzo de este año y llega retraso, como en los últimos años, pero también es cierto que el actual Gobierno tenía que haber actuado con más premura. Agradecemos pues que se vaya a llevar al primer Pleno ordinario.*

*No puede ser que tengamos acceso tan tarde a la Liquidación, no debemos olvidar nunca lo importante —y perdón que me repita tanto— que es la transparencia de cara a los ciudadanos y de cara a Corporación con un gobierno en minoría. Creo que este Gobierno debe marcar la diferencia con el anterior, tiene tiempo para mejorar los registros nos pagos y utilizar todo o parte del superávit del año pasado en inversiones sostenibles, siempre cumpliendo, por supuesto, con el restos de los requisitos. Y siempre teniendo en cuenta que las obras que se vayan a llevar a cabo sean para solucionar problemas de calidad de vida y no se trate de gastar por gastar para salir en prensa y sí se trate de hacerlo de manera eficiente al menor coste posible, y como los recursos son escasos priorizando a aquel gasto que afecte a más personas y/o más sectores y económicos en conjunto.*

**Presidencia**

Grazas, señora Martínez.

Señor Jorquera.

**Señor Jorquera Caselas**

Moitas grazas.

O BNG, como non podía ser doutro xeito, considera que hai que ser riguroso na xestión das finanzas públicas para asegurar a súa sustentabilidade. Por esta consideración nada ten a ver coas políticas austericidas, utilizando a crise como pretexto, puxeron o foco no recorte do gasto público, políticas que teñen o máximo expoñente no Estado Español, na reforma exprés do artigo 135 da Constitución Española.

Quero lembrar que a crise non se orixinou por mor dun gasto público excesivo. O gasto público por habitante en Galiza no conxunto do Estado Español era e é moi inferior á media da Unión Europea. A crise orixinouse no sector financeiro e orixinouna o sector financeiro e si algo puxo en perigo a sustentabilidade das finanzas públicas, entre outras cousas, foi a grande mobilización de recursos públicos para salvar á banca e imputar a súas perdas ao conxunto da sociedade.

Bueno, todo isto que acabo de dicir parece unha digresión, pero vou centrar a intervención agora en explicar por que facemos estas manifestacións.

Facemos estas manifestacións porque daquela a reforma da Constitución derivou un paquete lexislativo que no caso dos concellos limitou ao máximo a súa

***Presidencia***

*Gracias, señora Martínez.*

*Señor Jorquera.*

***Señor Jorquera Caselas***

*Muchas gracias.*

*El BNG, como no podía ser de otro modo, considera que hay que ser riguroso en la gestión de las finanzas públicas para asegurar su sostenibilidad. Por esta consideración nada tiene a ver con las políticas austericidas, utilizando la crisis como pretexto, pusieron el foco en el recorte del gasto público, políticas que tienen el máximo exponente en el Estado Español, en la reforma exprés del artículo 135 de la Constitución Española.*

*Quiero recordar que la crisis no se originó por mor de un gasto público excesivo. El gasto público por habitante en Galicia en el conjunto del Estado Español era y es muy inferior a la media de la Unión Europea. La crisis se originó en el sector financiero y la originó el sector financiero y sí algo puso en peligro la sostenibilidad de las finanzas públicas, entre otras cosas, fue la grande movilización de recursos públicos para salvar a la banca e imputar sus pérdidas al conjunto de la sociedad.*

*Bueno, todo esto que acabo de decir parece una digresión, pero voy a centrar la intervención ahora en explicar por qué hacemos estas manifestaciones.*

*Hacemos estas manifestaciones porque de aquella la reforma de la Constitución derivó un paquete legislativo que en el caso de los ayuntamientos limitó al máximo su*

capacidade de investimento e contratación até o punto de deixar en papel mollado moitos aspectos da autonomía municipal, e mesmo deu lugar á institucionalización do absurdo, como é dende o noso punto de vista o caso que agora nos ocupa. Por que digo institucionalización do absurdo? Porque a elaboración deste Plan Económico e Financeiro é froito dunha solicitude da Dirección Xeral de Política Financeira da Xunta de Galicia, o órgano encargado de tutelar ós concellos neste aspecto por mor do incumprimento da rega e teito de gasto na liquidación dos orzamentos de 2018.

*capacidad de inversión y contratación hasta el punto de dejar en papel mojado muchos aspectos da autonomía municipal, e incluso dio lugar a la institucionalización del absurdo, como es desde nuestro punto de vista el caso que ahora nos ocupa ¿Por qué digo institucionalización del absurdo? Porque la elaboración de este Plan Económico y Financiero es fruto de una solicitud de la Dirección General de Política Financiera de la Xunta de Galicia, el órgano encargado de tutelar a los ayuntamientos en este aspecto por mor del incumplimiento de la regla y techo de gasto en la liquidación de los presupuestos de 2018.*

Ben. Por que se incumpriu esta regra? Porque se usou o remanente das liquidacións orzamentarias de 2017 para financiar modificacións orzamentarias en 2018 por un total de algo máis de 2.600.000 €. En definitiva, usouse aforro xerado en 2017 para financiar modificacións orzamentarias en 2018. Ben, é isto mao? Non, non é mao. Ameazaría moito máis a sustentabilidade económica do Concello por exemplo recurrir ó endebedamento. Polo tanto, ameaza a sustentabilidade económica do Concello? Non. É ilegal? Tampouco. O propio documento que agora se debate o di. Permítanme que cite un apartado de este documento textualmente: a magnitude do remanente líquido de tesourería para gastos xerais así como a súa utilización como fonte de financiamento para modificacións orzamentarias están reguladas e permitidas especificamente na normativa reguladora das facendas locais. Precisamente por tratarse dunha magnitude que unicamente existe no ámbito local as especialidades do seu tratamento orzamentario e contable non están recollidas non desenvolvemento da normativa reguladora de

*Bien ¿Por qué se incumplió esta regla? Porque se usó el remanente de las liquidaciones presupuestarias de 2017 para financiar modificaciones presupuestarias en 2018 por un total de algo más de 2.600.000 €. En definitiva, se usó ahorro generado en 2017 para financiar modificaciones presupuestarias en 2018. Bien, ¿es esto malo? No, no es malo. Amenazaría mucho más la sostenibilidad económica del Ayuntamiento por ejemplo recurrir al endeudamiento. Por lo tanto, ¿amenaza la sostenibilidad económica del Ayuntamiento? No ¿Es ilegal? Tampoco. El propio documento que ahora se debate lo dice. Permítanme que cite un apartado de este documento textualmente: la magnitud del remanente líquido de tesorería para gastos generales así como su utilización como fuente de financiación para modificaciones presupuestarias están reguladas y permitidas específicamente en la normativa reguladora de las haciendas locales. Precisamente por tratarse de una magnitud que únicamente existe en el ámbito local las especialidades de su tratamiento presupuestario y contable no están recogidas en el desarrollo de la normativa*

estabilidade orzamentaria na que os cálculos se levan a cabo en termos de contabilidade nacional. É dicir, aínda que non é ilegal nin ameaza a sustentabilidade económica do Concello, como na normativa reguladora da estabilidade orzamentaria os cálculos están feitos en termos de contabilidade nacional sen ter en conta a especificidade das facendas locais requírese ao Concello a que presente un plan económico e financeiro. E cal é a consecuencia de todo isto? Que o que se nos presenta é un plan económico sen medidas, o cumprimento dun simple requisito formal. Ben, a consecuencia da merma da autonomía local que leva a institucionalizar o absurdo porque estamos ante cuestións que representan a institucionalización do absurdo. En calquer caso, como a sustentabilidad económica do Concello non está ameazada, o Plan, o informe sobre estabilidade orzamentaria é claro a ese respecto, como estamos ante o cumplimento dun mero requisito formal, como os cambios introducidos non nos merece ningunha reserva como elevar un pouquiño o teito de gasto para o vindeiro exercicio e a previsión para o 2020, o BNG votará a favor, pero fai constancia de que estes cambios normativos conducen a este tipo de situacións absurdas, por eso tamén desexamos que no Estado se abra un novo período que permita acometer a reforma, se se me permite a expresión, destas contra-reformas.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas señor Jorquera.

Señor Martínez.

*reguladora de estabilidad presupuestaria en la que los cálculos se llevan a cabo en términos de contabilidad nacional. Es decir, aunque no es ilegal ni amenaza la sostenibilidad económica del Ayuntamiento, como en la normativa reguladora de la estabilidad presupuestaria los cálculos están hechos en términos de contabilidad nacional sin tener en cuenta la especificidad de las haciendas locales se requiere al Ayuntamiento a que presente un plan económico y financiero. Y ¿cuál es la consecuencia de todo esto? Que lo que se nos presenta es un plan económico sin medidas, el cumplimento de un simple requisito formal. Bien, la consecuencia de la merma de la autonomía local que lleva a institucionalizar el absurdo porque estamos ante cuestiones que representan la institucionalización de lo absurdo. En cualquier caso, como la sustentabilidad económica del Ayuntamiento no está amenazada, el plan, el informe sobre estabilidad presupuestaria es claro a ese respecto, como estamos ante el cumplimento de un mero requisito formal, como los cambios introducidos no nos merece ninguna reserva como elevar un poquito el techo de gasto para el próximo ejercicio y la previsión para el 2020, el BNG votará a favor, pero hace constancia de que estos cambios normativos conducen a este tipo de situaciones absurdas, por eso también deseamos que en el Estado se abra un nuevo período que permita acometer la reforma, si se me permite la expresión, de estas contra-reformas.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias señor Jorquera.*

*Señor Martínez.*

**Señor Martínez Durán**

Grazas señora Rey. Pois suscribo en boa medida a intervención que acaba de facer o voceiro do Bloque Nacionalista Galego. Antes de comezar con este punto unha acoutación ao punto anterior: señor Lage, se quixésemos saldar contas pendentes do pasado mandato non teriamos feito unha emenda e non teriamos votado a favor, teriamos probablemente votado en contra ahora e máis veces no futuro. Se cadra non me expliquei ben.

Efectivamente o plan económico financeiro que debatemos e votamos hoxe é en realidade unha mera formalidade, non ten medidas coercitivas, as perspectivas económicas son boas e por tanto para este exercicio e para o vindeiro é unha sorte porque en 2015 temos un plan de axuste bastante máis severo, herdado do Goberno anterior que de non ter sido cancelado probablemente hoxe tería borrado dun plumazo algúns dos debates máis importantes que temos en termos de cidade. Non sería posible falar da participación do Concello nun consorcio, nunha sociedade pública para a recuperación do bordo litoral e non sería tampouco posible imaxinar que o Concello poida mesmo participar da xestión directa da cidade das TIC na Fábrica de Armas, como tampouco foi posible ata que conseguimos cancelar ese plan de axuste, algo tan de sentido común, pouco gravoso para a facenda local como era a incorporación do Concello á Fundación CITIC.

Temos, efectivamente, que aprobar un plan económico financeiro porque incumprimos a regra de gasto en un dos

***Señor Martínez Durán***

*Gracias señora Rey. Pues suscribo en buena medida a intervención que acaba de hacer el portavoz del Bloque Nacionalista Galego. Antes de comenzar con este punto una acotación al punto anterior: señor Lage, si quisiésemos saldar cuentas pendientes del pasado mandato no habríamos hecho una enmienda y no habríamos votado a favor, habríamos probablemente votado en contra ahora y más veces en el futuro. A lo mejor no me expliqué bien.*

*Efectivamente el plan económico financiero que debatimos y votamos hoy es en realidad una mera formalidad, no tiene medidas coercitivas, las perspectivas económicas son buenas y por tanto para este ejercicio y para el próximo es una suerte porque en 2015 tenemos un plan de ajuste bastante más severo, heredado del Gobierno anterior que de no haber sido cancelado probablemente hoy habría borrado de un plumazo algunos de los debates más importantes que tenemos en términos de ciudad. No sería posible hablar de la participación del Ayuntamiento en un consorcio, en una sociedad pública para la recuperación del borde litoral y no sería tampoco posible imaginar que el Ayuntamiento pueda participar de la gestión directa de la ciudad de las TIC en la Fábrica de Armas, como tampoco fue posible hasta que conseguimos cancelar ese plan de ajuste, algo tan de sentido común, poco gravoso para la hacienda local como era la incorporación del Ayuntamiento a la Fundación CITIC.*

*Tenemos, efectivamente, que aprobar un plan económico financiero porque incumplimos la regla de gasto en uno de los*

anos onde o Concello tivo maior grao de execución orzamentaria, casi un 82%, que é un dos niveis máis altos dos últimos 10 anos, tanto no global do Orzamento como no capítulo 6.

E, efectivamente, que é a regra de gasto, a regra de gasto que incumprimos e que nos leva a aprobar un plan económico financeiro? Pois unha mala medida ao servizo dun mal modelo, no que ademais os concellos e por tanto veciños e as veciñas, pois son inxustamente castigados, porque ademais aplica ás administracións locais unha, un tratamento para un mal que as administracións locais —agás casos contadísimos que coñecemos todos e todas— non causaron. A porción da débeda causada polos concellos é menor sen embargo pois os concellos se ven, efectivamente, amordazados cunha normativa, en realidade cun entramado normativo, que vulnera a autonomía local consagrada tanto pola Constitución como pola carta europea correspondente, e é ademais ao final, con outras medidas ás que agora me referirei, un factor de debilitamento das administracións públicas e por tanto de indefensión para a maioría social e a xente máis vulnerable que é a que máis necesita das administracións públicas.

Nós non defendemos cando gobernabamos a regra de gasto, non a imos defender agora que estamos na oposición. Chegamos ao punto de considerar mesmo no Partido Socialista que a reforma do artigo 135 da Constitución foi unha traizón, pois non tería ningún sentido que logo estivésemos de acordo cos subprodutos desa reforma constitucional.

*años donde el Ayuntamiento tuvo mayor grado de ejecución presupuestaria, casi un 82%, que es uno de los niveles más altos de los últimos 10 años, tanto en el global del Presupuesto como en el capítulo 6.*

*Y, efectivamente, ¿qué es la regla de gasto, la regla de gasto que incumplimos y que nos lleva a aprobar un plan económico-financiero? Pues una mala medida al servicio de un mal modelo, en el que además los ayuntamientos y por tanto los vecinos y las vecinas, pues son injustamente castigados, porque además aplica a las administraciones locales una, un tratamiento para un mal que las administraciones locales —excepto casos contadísimos que conocemos todos y todas— no causaron. La porción de la deuda causada por los ayuntamientos es menor sin embargo pues los ayuntamientos se ven, efectivamente, amordazados con una normativa, en realidad con un entramado normativo, que vulnera la autonomía local consagrada tanto por la Constitución como por la carta europea correspondiente, y es además al final,, con otras medidas a las que ahora me referiré un factor de debilitamiento de las administraciones públicas y por tanto de indefensión para la mayoría social y la gente más vulnerable que es la que más necesita de las administraciones públicas.*

*Nosotros no defendemos cuando gobernábamos la regla de gasto, no la vamos a defender ahora que estamos en la oposición. Llegamos al punto de considerar incluso en el Partido Socialista que la reforma del artículo 135 de la Constitución fue una traición, pues no tendría ningún sentido que luego estuviéramos de acuerdo con los subproductos de esa reforma constitucional.*

O outro día cadrei con concelleiro de Deporte na radio e se queixaba, con razón, vaia por diante, do resultado que tivo para as administracións públicas ás políticas de persoal impostas dende o Estado, as taxas de reposición draconianas e eu dicíalle que me alegraba de escoitalo, que me alegraba porque non o escoitei en catro anos aquí e cando o Goberno municipal pois moitas veces explicaba neses termos algúns dos problemas que tiña para cumprir obxectivos parecía que estivésemos falando de fadas e non é así. Eu creo que hai cousas de esquerda que é bo dicir cando un está na oposición e tamén cando un está no goberno. E eu... me gustaría dicilas e dicilas agora que estamos debatendo sobre un expediente que ven da xestión da Marea Atlántica pero porque as vou repetir tamén ao longo deste mandato se chega o caso de ter debates similares relacionados coa xestión do novo Goberno. As taxas de reposición draconianas son un problema para as administracións públicas e non as defendemos antes e non as imos defender no futuro. Dificultan a prestación de servizos públicos de calidade, precarizan o traballo dos funcionarios e funcionarias e nesa batalla se a hai, non plano que sexa, poderán contar coa Marea Atlántica. A regra de gasto e todo o resto do subprodutos da normativa austericida é incompatible coas políticas que a maioría social demanda, coa recuperación de capacidades para o sector público. Nesa batalla tamén nos van a topar e incluso diría que o período medio de pago aínda que hai que esixir que un Goberno o cumpra porque as consecuencias que ten incumprilo son desproporcionadas e son inxustas, tamén hai que dicir que é un mal indicador, é un indicador que non mide

*El otro día coincidí con el concejal de Deporte en la radio y se quejaba, con razón, vaya por delante, del resultado que tuvo para las administraciones públicas las políticas de personal impuestas desde el Estado, las tasas de reposición draconianas y yo le decía que me alegraba de escucharlo, que me alegraba porque no lo escuché en cuatro años aquí y cuando el Gobierno municipal pues muchas veces explicaba en esos términos algunos de los problemas que tenía para cumplir objetivos parecía que estuviéramos hablando de hadas y no es así. Yo creo que hay cosas de izquierda que es bueno decir cuando uno está en la oposición y también cuando uno está en el gobierno. Y yo… me gustaría decirlas y decirlas ahora que estamos debatiendo sobre un expediente que viene de la gestión de la Marea Atlántica pero porque las voy a repetir también a lo largo de este mandato si llega el caso de tener debates similares relacionados con la gestión del nuevo Gobierno. Las tasas de reposición draconianas son un problema para las administraciones públicas y no las defendimos antes y no las vamos a defender en el futuro. Dificultan la prestación de servicios públicos de calidad, precarizan el trabajo de los funcionarios y funcionarias y en esa batalla si la hay, en el plano que sea, podrán contar con la Marea Atlántica. La regla de gasto y todo el resto del subproductos de la normativa austericida es incompatible con las políticas que la mayoría social demanda, con la recuperación de capacidades para el sector público. En esa batalla también nos van a encontrar e incluso diría que el período medio de pago aunque hay que exigir que un Gobierno lo cumpla porque las consecuencias que tiene incumplirlo son desproporcionadas y son injustas, también hay que decir que es un mal indica-*

adecuadamente o verdadeiro problema ou a verdadeira preocupación que pode ser as dificultades dos pequenos provedores para cobrar polo seu traballo pero nin é un bo indicador nin se axustan as consecuencias do incumprimento a ningún principio de racionalidade para unha administración pública. Digo agora, direino no futuro e pensabámolo cando estabamos ao fronte do Goberno e pensámolo agora que estamos na oposición. Como municipalistas e como parte dunha organización municipalista que cre na democracia e no poder da proximidade, nada me gustaría máis que a derrogación de todas estas mordazas que coutan capacidades á administración local sexa cal sexa o goberno que se beneficie desa derrogación.

*dor, es un indicador que no mide adecuadamente el verdadero problema o la verdadera preocupación que puede ser las dificultades de los pequeños proveedores para cobrar por su trabajo pero ni es un buen indicador ni se ajustan las consecuencias del incumplimiento a ningún principio de racionalidad para una administración pública. Digo ahora, lo diré en el futuro y lo pensábamos cuándo estábamos al frente del Gobierno y lo pensamos ahora que estamos en la oposición. Como municipalistas y como parte de una organización municipalista que cree en la democracia y en el poder de la proximidad, nada me gustaría más que la derogación de todas estas mordazas que detienen capacidades a la administración local sea cuál sea el gobierno que se beneficie de esa derogación.*

**<u>Presidencia</u>**

Grazas señor Martínez.

Señora Gallego.

***<u>Señora Gallego Neira</u>***

*Moitas grazas.*

*Bos días a todos. Bo, en primeiro lugar gustaríame lembrarlles que é a Lei de Estabilidade Financeira, pois se aprobou por unha circunstancia e é porque o goberno de Zapatero deixou a España ao bordo do rescate. Estabamos en quebra técnica, y España agora, ata agora, era o país que máis estaba a crecer de toda Europa. Medidas para sanear a economía nun momento puntual e que se foron estendendo no tempo. Bo, pois a ver. Pero medidas como a regra de gasto é algo evidente: non se pode gastar*

***<u>Presidencia</u>***

*Grazas, señor Martínez.*

*Señora Gallego.*

**<u>Señora Gallego Neira</u>**

Muchas gracias.

Buenos días a todos. Bueno, en primer lugar me gustaría recordarles qué es la Ley de Estabilidad Financiera, pues se aprobó por una circunstancia y es porque el gobierno de Zapatero dejó a España al borde del rescate. Estábamos en quiebra técnica, y España ahora, hasta ahora, era el país que más estaba creciendo de toda Europa. Medidas para sanear la economía en un momento puntual y que se han ido extendiendo en el tiempo. Bueno, pues a ver. Pero medidas como la regla de gasto es algo evidente: no se puede gastar más de lo que se tiene, o como el período me-

*máis do que se ten, ou como o período medio de pago, que se estableza en 30 días, que aquí se incumpre e desde logo non vai ser pola factura do estadio, despois falarei un pouco deste tema.*

*O do Pleno de hoxe, señor Lage, non é xestión ordinaria, para nada. Pagar un sobrecusto de 1.000.000 € ou polo menos recoñecelo non é xestión ordinaria: é ilegal un sobrecusto de máis dun 10% e iso sábeo calquera. Esa factura, aínda que teña os informes que teña, vai ter un reparo como unha catedral. Eu o que vexo aquí é, no Pleno de hoxe, un branqueo por parte do Partido Socialista da xestión da Marea clarísimo.*

*Entrando no Plan Económico, bo pois o que di a lei, non a Xunta senón a lei, di que deberá conter como mínimo a seguinte información: as causas do incumprimento da regra de gasto. Pois si, se recolle como causa de incumprimento a utilización do remanente de Tesourería para gastos xerais pero non se adopta ningunha medida salvo controlar a execución dos ingresos e gastos durante todo o período de vixencia que son dous anos tamén por lei. Eu direilles que aquí, como o máis natural é saltarse a regra de gasto que dicía o señor Martínez..., bo nós usabamos o remanente e cumpríase a regra de gasto, o que pasa é que hai que estar pendente do que se ingresa e do que se gasta. Iso é algo sinxelo isto non é ningún plan económico financeiro. Iso é a xestión pura e dura e ordinaria.*

*Di que tamén debe conter as previsións tendenciales de ingresos e gastos e inclúeo pero baséase nos datos do primeiro trimestre do ano, que poden variar bastante, os últimos que se facilitaron ao*

dio de pago, que se establezca en 30 días que aquí se incumple y desde luego no va a ser por la factura del estadio, después hablaré un poco de este tema.

Lo del Pleno de hoy, señor Lage, no es gestión ordinaria, para nada. Pagar un sobrecoste de 1.000.000 e o por lo menos reconocerlo no es gestión ordinaria: es ilegal un sobrecoste de más de un 10% y eso lo sabe cualquiera. Esa factura, aunque tenga los informes que tenga, va tener un reparo como una catedral. Yo lo que veo aquí es, en el Pleno de hoy, un blanqueo por parte del Partido Socialista de la gestión de la Marea clarísimo.

Entrando en el Plan Económico, bueno pues lo que dice la ley, no la Xunta sino la ley, dice que ha de contener como mínimo la siguiente información: las causas del incumplimiento de la regla de gasto. Pues sí, se recoge como causa de incumplimiento la utilización del remanente de Tesorería para gastos generales pero no se adopta ninguna medida salvo controlar la ejecución de los ingresos y gastos durante todo el período de vigencia que son dos años también por ley. Yo les diré que aquí, como lo más natural es saltarse la regla de gasto que decía el señor Martínez…, bueno nosotros usábamos el remanente y se cumplía la regla de gasto, lo que pasa es que hay que estar pendiente de lo que se ingresa y de lo que se gasta. Eso es algo sencillo esto no es ningún plan económico financiero. Eso es la gestión pura y dura y ordinaria.

Dice que también debe contener las previsiones tendenciales de ingresos y gastos y lo incluye pero se basa en los datos del primer trimestre del año, que pueden variar bastante los últimos que se facilitaron

*Ministerio e…bo, non se fai referencia para nada ao modificativo que acabamos de aprobar agora. Este punto recolle nas previsións que se poderá utilizar remanente por importe de 2,9 millóns de euros. A min gustaríame que me aclare por que utilizamos, vai utilizar, aprobouse, 3,9 millóns de remanente líquido de tesourería para gastos xerais. Entón xa se estaría incumprindo o propio, o propio plan. Eu creo que esa previsión xa está mal.*

*Debe conter medidas, di a lei e bo, aquí dise que é de contido formal e sen medidas, como diciamos, unha obviedade porque especialmente que se controle os ingresos e gastos e as modificacións que se fagan con cargo aos remanentes, pois claro, lóxico. Eu espero que me aclare, iso se llo pido por favor, esa diferenza dese millón de euros.*

*Contén tamén as variables económicas pero o que non contén e si forma parte do contido mínimo, segundo a lei, é unha análise da sensibilidade de escenarios alternativos.*

*Un plan que se fai para dous anos, con datos do primeiro trimestre do ano, que é moi optimista elevando o teito de gasto para 2020, que se fai cun Orzamento prorrogado, cun modificativo previo que acabamos de aprobar e que non é tido en conta no que se incorpora máis remanente do previsto no propio plan pois é posible que non se cumpra. Entón, bo, pois debería incluír medidas alternativas e unha análise do que… polo menos o estado de execución actual e outro tipo de medidas que se poidan adoptar en caso de incumprimento.*

*Bo, o plan evidencia tamén que se pre-*

al Ministerio, y…bueno, no se hace referencia para nada al modificativo que acabamos de aprobar ahora. Este punto recoge en las previsiones que se podrá utilizar remanente por importe de 2,9 millones de euros. A mí me gustaría que me aclare por qué hemos utilizado, se va a utilizar, se ha aprobado, 3,9 millones de remanente líquido de tesorería para gastos generales. Entonces ya se estaría incumpliendo el propio, el propio plan. Yo creo que esa previsión ya está mal.

Debe contener medidas, dice la ley y bueno, aquí se dice que es de contenido formal y sin medidas, como decíamos, una obviedad porque especialmente que se controle los ingresos y gastos y las modificaciones que se hagan con cargo a los remanentes, pues claro, lógico. Yo espero que me aclare, eso si se lo pido por favor, esa diferencia de ese millón de euros.

Contiene también las variables económicas pero lo que no contiene y sí forma parte del contenido mínimo, según la ley, es un análisis de la sensibilidad de escenarios alternativos.

Un plan que se hace para dos años, con datos del primer trimestre del año, que es muy optimista elevando el techo de gasto para 2020, que se hace con un Presupuesto prorrogado, con un modificativo previo que acabamos de aprobar y que no es tenido en cuenta en el que se incorpora más remanente del previsto en el propio plan pues es posible que no se cumpla. Entonces, bueno, pues debería incluir medidas alternativas y una análisis de lo que… por lo menos el estado de ejecución actual y otro tipo de medidas que se puedan adoptar en caso de incumplimiento.

Bueno, el plan evidencia también que se

*sentou fóra de prazo. Dicía a señora Lema, fai un momento, que a ver cando presentan a liquidación da conta, a liquidación da conta vén a este Pleno pero vén tarde, aprobouse tarde. O prazo é antes do 1 de marzo. O señor Ferreiro aprobouna e deixouna asinada o 25 de marzo pero meteuna nun caixón, escondeuna porque non interesaba porque había eleccións, pero o día 12 de abril o interventor fixo un informe e Lei di que hai un prazo dun mes, ou sexa desde o 12 de abril ao 12 de maio, que é cando tiña que presentarse este plan e, repito, a Marea deixou escondido no caixón. Creo que levan un mes e medio, un mes e medio, con todos estes datos, coa liquidación, co informe de estabilidade, co informe de morosidade, cunha chea de temas que viñeron hoxe ao Pleno e que despois falarei un pouco máis, gardados nun caixón.*

*Dixen cando empezaba que para min este é o Pleno do branqueo da xestión da Marea e manténoo e o que si lle pido é que nos aclare… bo, pois que este millón de diferenza do remanente coas previsións do plan. E o que si tamén constatamos é que non lles preocupa demasiado a situación do Concello, ou sexa, pásana así un pouco por encima e esa vontade de diálogo e de transparencia da que falan continuamente tampouco vemos que se estea producindo porque como xa se comentou aquí antes todo os temas viñeron ao Pleno, a liquidación, o informe de morosidade, todo, o informe, mesmo, da cuberta foi entregado coa convocatoria do propio Pleno.*

*Bo, por último dicir que isto simplemente é a aprobación inicial e que a definitiva, bo, pois que a fará a Dirección*

ha presentado fuera de plazo. Decía la señora Lema, hace un momento, que a ver cuándo presentan la liquidación de la cuenta, la liquidación de la cuenta viene a este Pleno pero viene tarde, se ha aprobado tarde. El plazo es antes del 1 de marzo. El señor Ferreiro la aprobó y la dejó firmada el 25 de marzo pero la metió en un cajón, la escondió porque no interesaba porque había elecciones, pero el día 12 de abril el interventor hizo un informe y la Ley dice que hay un plazo de un mes, o sea desde el 12 de abril al 12 de mayo, que es cuando tenía que haberse presentado este plan y, repito, la Marea dejó escondido en el cajón. Creo que llevan un mes y medio, un mes y medio, con todos estos datos, con la liquidación, con el informe de estabilidad, con el informe de morosidad, con un montón de temas que han venido hoy al Pleno y que después hablaré un poco más, guardados en un cajón.

